



Informe 1/2018, do 25 de abril de 2018, sobre interpretación do apartado 3º do art. 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES

Polo Presidente da Deputación de A Coruña dirixese a esta Xunta Consultiva de Contratación Administrativa o seguinte escrito de consulta:

ASUNTO: Consulta á Xunta Consultiva de Contratación de Galicia relativa á regulación dos contratos menores.

I.-OS CONTRATOS MENORES NA LEI 9/2017, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO.

1.- A Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, publicada no BOE núm. 272 de data 9 novembro 2017, de acordo co establecido na disposición final décimo sexta, entrará en vigor aos catro meses da súa publicación, é dicir o 9 de marzo de 2018, excepto nos supostos indicados na citada disposición.

2.-Nesta Lei os contratos menores regúlanse entre outros nos artigos 118; 29.8; 36.1; 37.2; 63.4; 131.3; 153.2; 153.6; 154.5;

O apartado 1 do artigo 118 dispón: “Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizadas no ámbito estatal.

Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan”

O apartado 3 do artigo 118, di:

“ No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento da devandita regra. Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a).2º”



II. CUESTIÓNS QUE SE EXPOÑEN

Nesta Administración preséntanse dúbidas respecto da interpretación que deba darse ao seguinte parágrafo **“e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo”**.

1.- A que se está referindo a expresión “subscrito”?, posto que os contratos menores non se formalizan en documento administrativo, é dicir, a que debemos entender que se refire:

1.1.-Ao acto administrativo de adxudicación, si este existe, dado que non é obrigatorio.

1.2.- Á data de aprobación do gasto

1.3.-Á data de solicitude formulada polo órgano de contratación da Administración para que o contratista execute un contrato menor (obra, servizo ou subministración)

2.-Cal é o ámbito temporal desta limitación, é dicir refírese:

2.1.- Aos adxudicados dentro de cada exercicio orzamentario,

2.2.- Aos adxudicados dentro cada ano natural

2.3.- Aos subscritos por un mesmo contratista nun ano desde a data en que se efectúa o primeiro contrato .

3.-Computan neste cálculo as empresas vinculadas?

4.-computan tamén os subscritos con UTES?

5.-Si un contratista ten diversos obxectos sociais o cómputo refírese a cada categoría de contrato que se lle adxudique (obras, servizos, subministracións) ou a todos: Entendemos que a cada categoría

6.-Se a Administración acode á publicación no Perfil de Contratante da selección do contratista nun contrato menor, conforme os principios do artigo 1, computa tamén dentro deste límite o contrato adxudicado previa publicación e criterios obxectivos?

7.- Cando se fala de contratos subscritos, a que suxeitos, entidades ou órganos se refire?:

7.1.-Aos subscritos por cada Administración ou entidade?. Entendemos que esta non debe ser a interpretación, pois na nosa opinión debe referirse ao órgano de contratación, a teor do establecido no artigo 61.1 LCSP.

7.2.- En cada órgano de contratación aínda que existan órganos de contratación distintos nunha mesma Administración ou entidade? Así na Comunidade Autónoma de Galicia o artigo 34 Lei 1/1983, destaca que “os Conselleiros teñen competencia para asinar en nome da Xunta contratos da súa competencia”, e no suposto de que a Xunta ou unha Consellería acorde a creación dunha Xunta de contratación parece que



hai que entender que dado que é un órgano de contratación distinto e non computan os contratos subscritos polo Conselleiro cos da Xunta de Contratación desa mesma Consellería.

(*) Así de igual modo na Administración Xeral do Estado, o artigo 323.1 sinala que "os Ministros e os Secretarios de Estado son os órganos de contratación da Administración Xeral do Estado e, en consecuencia, están facultados para celebrar no seu nome os contratos no ámbito da súa competencia"; e que por tanto cando un Ministerio conta con Xunta de contratación (art. 323.4) parece que hai que entender, igualmente, que dado que é un órgano de contratación distinto non computan os contratos subscritos polo Ministro cos da Xunta de Contratación dese mesmo ministerio.

Como no caso anterior cando nunha Administración Local, nuns contratos o órgano de contratación é o Alcalde ou Presidente da Entidade, (disposición adicional segunda 1) e noutros é o Pleno, no caso de que os recursos ordinarios sexa inferior aos limiares dos contratos menores (Disposición adicional segunda 5), entendemos que o computo debe referirse a os contratos subscritos por cada órgano e non á suma de ambos. De igual modo entendemos que si unha Entidade Local conta cunha Xunta de Contratación (disposición Adicional segunda 5) entendemos que non computan cos adxudicados polo Alcalde ou Pleno.

7.3.- Como rexe o cómputo en supostos de desconcentración ou delegación (art.61.25)?

(*) Artigo 31, Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector público autonómico de Galicia. 4. Os delegados territoriais son competentes no seu ámbito territorial para: f) Ser os órganos de contratación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos seus respectivos ámbitos competenciais, dentro dos créditos orzamentarios que se lles asignen e de acordo cos límites e requisitos xerais que se fixen por decreto da Xunta. En todo caso, serán titulares da competencia para a celebración de contratos menores

8.- Nos anticipos de caixa fixa, como deben operar e computarse estes límites ,pois nalgúñas Administracións existen simultaneamente moitos funcionarios habilitados

9.- Que ocorre si unha Administración, entidade ou un órgano de contratación supera estes límites de contratos menores subscritos cun mesmo contratista, pois se precisa dispor de aplicacións informáticas que faciliten o control e que impidan a priori superar estes límites

10.- A motivación da necesidade do contrato (a que se refire o parágrafo 2 do apartado 1 do artigo 118) ,e a xustificación de que non se está alterando o obxecto do contrato (art. 118.3) cando debe realizarse? :

10.1.- Antes de subscribir o contrato menor?

10.2.- No momento de conformar a factura?

11 .-Como se aplica a disposición transitoria primeira aos contratos menores

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

1.- Segundo o disposto no artigo 2.1 do Decreto 237/2007, de 5 de decembro, polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa correspóndelle a este órgano consultivo emitir informe con



carácter facultativo sobre aquelas cuestións que, en materia de contratación administrativa, sometan á súa consideración as entidades enumeradas no seu artigo 1 entre as que figuran as entidades locais de Galicia.

2.- Todas as cuestións da solicitude de informe refírense á nova regulación do contrato menor na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP-2017).

3.- Antes de proceder a responder ás cuestións formuladas débese facer a consideración de que, como vén observando gran parte da doutrina e expertos na contratación pública, o artigo 118 contén, na súa redacción final tras o paso polo Parlamento, graves deficiencias que esixen unha interpretación clarificatoria dos seus termos e contido xa que, principalmente o seu apartado terceiro, provoca inseguridade xurídica nos distintos operadores que participan nun contrato, sexan sector público ou licitadores.

Este órgano consultivo entende, tamén, que a interpretación literal da norma non é suficiente xa que, se se leva a cabo con independencia do contexto no que se sitúa no artigo 118, pode levar, como veremos, a resultados contrarios ao resto do articulado da lei e opostos á finalidade desta, o que fai precisa unha interpretación integradora da normativa analizada que corrixa os aspectos que provocan as cuestións que se reflicten nesta e noutras consultas das que tren causa, por sinalar as máis relevantes ata esta data, os Informes 3/2018, de 13 de febreiro, da XCCA da C.A. de Aragón, os Informes 41/2017, 42/2017 e 5/2018 da Xunta Consultiva de contratación pública do Estado e o Informe 1/2018, de 11 de abril, da Xunta consultiva de contratación da Comunidade de Madrid.

4.- Comeza o artigo 118 considerando contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.

Non hai cambios no que respecta ao prazo de duración e de execución da prestación destes contratos - que non pode ser superior a un ano nin ser obxecto de prórroga (artigo 29.8 LCSP)-nin respecto ao seu principio antiformalista que queda reflectido nos artigos 37 e 153 da norma.

5.- Á vista da regulación da nova LCSP os cambios máis salientables dos contratos menores prodúcense fundamentalmente na súa tramitación.

Neste sentido, -a salvo as peculiaridades que para os contratos de obras se manteñen no que respecta á necesidade de pedir orzamento e de redactar proxecto e solicitar informe de supervisión nos casos previstos-, o que antes se limitaba a unha aprobación de gasto e incorporación de factura, transformase nun proceso máis complexo de tramitación do expediente ao introducir dous novos requisitos de gran



interese, tanto polo seu contido intrínseco como pola súa implementación na liña temporal do proceso, sendo isto de gran importancia á hora de abordar algunha das preguntas da Deputación.

Estes novos requisitos son, primeiro, a necesidade de incorporar un informe motivando as necesidades do contrato e, segundo, a xustificación de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 € en contratos de obras e 15.000 € en subministracións e servizos. E débese significar que en ambas actuacións intervén o órgano de contratación:

- Parágrafo 2 do artigo 118.1: “Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato”.

- Parágrafo 1 do artigo 118.3: O órgano de contratación comprobará o cumprimento da non alteración do obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais da contratación e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado 1 do artigo.

6.- Apoiándonos nas preguntas da solicitude de informe tentaremos dar explicación ás dúbidas que basicamente se presentan sobre o parágrafo 3º do artigo 118 da nova LCSP que literalmente di: ***“No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento da devandita regra”.***

Para iso, co fin de facilitar a análise, agruparemos as respostas en tres grandes apartados deste informe:

- Primeiro as cuestións referidas aos **elementos obxectivos** da regra, isto é, as cuestións vinculadas á identificar os contratos menores aos que fai referencia o 118.3 da LCSP a efecto de cómputo de límites: a prohibición aplícase a todos os contratos menores que se concerten cunha administración ou se aplica polos distintos tipos de contratos típicos?, que quere dicir o artigo cando se refire a contratos menores “subscritos”?, deben computarse tamén os contratos menores con anuncio de licitación publicado nunha plataforma de contratación?,...

- Nun segundo bloque as cuestións referidas a **elementos subxectivos**, isto é, sobre os suxeitos, entidades e órganos sobre os que se exercerá a comprobación do cumprimento da regra do 118.3 da LCSP: a prohibición afecta aos contratos menores concertados cunha administración ou se aprecia por cada



órgano de contratación?, que ocorre cos contratistas integrantes de UTEs e que forman parte de grupos de empresas? como operan os anticipos de caixa fixa xestionados polos órganos de contratación?,...

- E finalmente trataremos sobre as cuestións referidas a **elementos temporais**, isto é, cuestións sobre o ámbito temporal do control, tanto no aspecto de cómputo de contratos subscritos como do momento de efectualo, a mais dunha aclaración sobre o período transitorio da lei respecto aos contratos menores: dado que o artigo non sinala prazo no que se debe apreciar a prohibición, esta debe ser perpetua ou pode acudirse a outros parámetros temporais como a anualidade orzamentaria ou a duración dos contratos menores dende o comezo da súa execución? cando debe realizarse a comprobación do cumprimento da devandita regra?, como se aplica a Disposición Transitoria 1ª da lei aos contratos menores?

I. ELEMENTOS OBXECTIVOS DA REGRA DO 118.3

I.1. É a pregunta 5 que fai a Deputación na súa consulta a que da entrada a unha das causas de maior controversia na interpretación deste parágrafo 3 do artigo 118: que contratos debemos computar no seu cálculo cando estamos ante un contratista con diversos obxectos sociais no seu título constitutivo ou con posibilidade de resultar adxudicatario de distintas tipoloxías contractuais (obras, servizos, subministracións)?.

Neste sentido atopamos xa dúas interpretacións doutriniais diverxentes:

- O Informe 3/2018, de 13 de febreiro, da JCCA da C.A. de Aragón conclúe: *“A regra de incompatibilidade que establece o art. 118.3 debe operar respecto de contratos menores da mesma tipoloxía a aquel que pretenda adxudicarse de maneira sucesiva, é dicir, entre contratos menores de obras, entre contratos menores de servizos ou entre contratos menores de subministracións respectivamente, anteriores ao novo contrato de obras, servizos ou subministracións que pretenda adxudicarse.”*¹

- Pola súa parte, O informe 42/2017 da Xunta Consultiva de contratación pública do Estado, conclúe que *“A lei non contempla unha limitación á celebración de contratos menores cun mesmo operador económico cando as prestacións obxecto dos mesmos sexan cualitativamente diferentes e non formen unha unidade. Por iso, fóra dos casos de alteración fraudulenta do obxecto do contrato, si é posible celebrar outros contratos menores co mesmo contratista, pero neste caso haberá de xustificarse adecuadamente no expediente que non se dan as circunstancias prohibidas pola norma.”*

¹ No mesmo sentido o Informe 1/2018, de 11 de abril, sobre adxudicación de contratos menores na nova lei de contratos do sector público da Xunta consultiva de contratación da Comunidade de Madrid.



Para analizar esta cuestión debemos partir da base de que o parágrafo 3 do artigo 118 da LCSP non se refire á adxudicación do contrato nin á elección do empresario contratista nin establece ningunha regra substantiva nova en relación coa tramitación dos contratos menores, senón que esixe un novo requisito formal dentro do expediente de contratación menor, que é á xustificación que debe realizarse no expediente de contratación de determinados extremos. Así, o parágrafo comeza referíndose a unha nova esixencia de xustificación explícita no expediente relativa ao obxecto do contrato: “debe xustificarse que se cumpren as regras legais xerais relativas á prohibición do fraccionamento do obxecto do contrato”.

Polo tanto, cando o artigo 118.3 se refire a que se xustifique que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, debe entenderse como unha esixencia de xustificar explicitamente que o obxecto do contrato resulta completo, en aplicación das regras xerais da Lei, e que, polo tanto, non concorre un suposto de fraccionamento ilícito.

Sobre este tema, debe recordarse que o Capítulo I, “Normas xerais”, do Título III, “Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión”, do Libro Primeiro da LCSP, “Configuración xeral da contratación do sector público e elementos estruturais dos contratos”, comeza referíndose, no seu artigo 99, ao “Obxecto do contrato”, expresando, no seu número 2: “2. Non poderá fraccionarse un contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.”

Esta regra apóiase noutras da Lei como as previstas nos artigos 13 e seguintes, en canto definen o obxecto dos distintos contratos típicos e nas regras recollidas no artigo 101 en canto ao cálculo do valor estimado dos contratos.

O expresado determina que, ao noso xuízo, a nova LCSP non introduce neste aspecto ningunha modificación substantiva no réxime dos contratos menores. Limitase a remitirse ás normas xerais da Lei e a esixir de forma explícita unha esixencia de xustificación expresa dun aspecto que xa se debía considerar aplicable ao amparo do réxime legal anterior, no que, obviamente, tamén existía a regra de prohibición do fraccionamento do obxecto dos contratos.

Seguindo a liña interpretativa exposta, debemos analizar o sentido e interpretación do inciso que o artigo recolle a continuación relativo á xustificación de que “o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo”.

Unha interpretación do artigo no sentido de pretender establecer unha nova regra prohibitiva en razón da contía dos contratos menores aos que pode optar un contratista determinado, incorre ao noso xuízo nun exceso interpretativo e en resultados antisistemáticos en relación coa ordenación xeral da LCSP, xa



que levaría a concluír a existencia dunha sorte de nova prohibición para contratar coa administración mediante contratos menores polo mero feito de ter concertados outros anteriormente.

A interpretación do artigo 118.3 como unha regra limitativa autónoma, con independencia das regras xerais sobre o obxecto do contrato, presentaría contradicións lóxicas e sistemáticas co resto da regulación legal. Así, deste modo, esta interpretación como regra prohibitiva evitaría a adxudicación de diferentes contratos menores (con distinto obxecto) a un contratista idóneo polo mero feito de ter sido adxudicatario doutros contratos menores anteriores, aínda que se puidese xustificar que sería a mellor selección por ser a oferta economicamente máis vantaxosa, o que produciría resultados contrarios á eficiencia e á libre competencia, ao ter a administración que acudir a licitadores menos aptos ou competentes polo simple feito de non ter sido adxudicatarios de contratos menores anteriores. Estas consecuencias, polo tanto, serían contrarias aos principios recollidos no artigo 1 da LCSP: principios de liberdade de acceso ás licitacións, non discriminación, eficiente utilización dos fondos públicos, salvagarda da libre competencia e selección da oferta economicamente máis vantaxosa.

A clave da cuestión, para esta Xunta Consultiva, radica en que resulta posible entender o inciso en cuestión do número 3 do artigo non como unha regra prohibitiva independente ou autónoma, senón como unha precisión da regra que a antecede, o que conduce ademais a un resultado xa coherente sistematicamente co contexto do parágrafo e coas regras xerais da LCSP.

Trataríase de elevar as esixencias de motivación e xustificación referidas o cumprimento das regras legais existentes sobre o obxecto e valor estimado, sen pretender establecer unha regra independente.

En particular, o entendemento da regra de non concertación doutros contratos menores no sentido de referirse, de acordo coas regras xerais da lei, ao mesmo obxecto do contrato, e, polo tanto, como unha especificación da primeira das mencións do precepto relativa á non alteración do obxecto do contrato é coherente coa propia dicción do precepto cando expresa, a continuación, que “o órgano de contratación comprobará o cumprimento da dita regra”. Isto é, o propio precepto interpreta as mencións que anteceden esta expresión como unha única regra e non como dúas regras non relacionadas entre si.

En conclusión, polas razóns expostas, a xuízo desta Xunta Consultiva e de acordo co manifestado pola JCCA do Estado, a interpretación correcta do artigo 118.3 sería a de entender que no expediente de contratación do contrato menor debe xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e que, polo tanto, o contratista non subscribiu máis contratos menores *co mesmo obxecto* que, individual ou conxuntamente, superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.



I.2. Concretado o extremo anterior, pasamos a analizar a que se está referindo o lexislador cando usa a expresión “subscrito” no literal “*e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra...*”.

Como expresa a propia consulta, os contratos menores non requiren de formalización de acordo coa LCSP, dado que a súa existencia se acredita cos documentos aos que se refire o artigo 118 (artigos 37.2 LCSP, relativo ao carácter formal da contratación do sector público, e 153.2 LCSP, relativo á formalización dos contratos), isto é, a documentación administrativa na que se recolla a motivación da necesidade do contrato e a xustificación de que non se fracciona o obxecto indebidamente, a aprobación do gasto e a incorporación ao expediente da factura. Polo tanto, estes contratos non requiren da formalización para a súa perfección (artigo 36 LCSP, relativo á perfección dos contratos). Ante a ausencia dunha norma na LCSP que estableza o momento da perfección, debe acudirse á regra xeral do Código Civil (artigo 1258), que determina a perfección polo mero consentimento, isto é, polo concurso da oferta e da aceptación sobre a cousa e a causa que han de constituír o contrato (1262 do Código Civil).

Do anterior cabe concluír que por contratos subscritos debe entenderse contratos perfeccionados polo consentimento das partes, é dicir, nos que concorra a vontade de executar o contrato nos termos pactados entre o licitador e o órgano de contratación.

I.3. Respecto a se computan neste cálculo os contratos adxudicados a empresas vinculadas (pregunta 3 do petionario) como vimos indicando, entendemos que o artigo 118.3 non recolle unha limitación da capacidade para ser adxudicatario de contratos menores polo feito de ter sido adxudicatario de contratos anteriores, dado que ao que debe atenderse é ao obxecto do contrato e a inexistencia de fraccionamento. Polo tanto, sempre que esteamos ante contratos con obxecto distinto, un só contratista poderá ser adxudicatario de contratos menores aínda que o seu importe agregado supere conxuntamente as cifras recollidas no artigo 118.1. Se isto é así, obviamente tampouco existe limitación para as empresas dun grupo con tal de que sexan contratos con obxectos diferentes e idéntica debe ser a resposta respecto ao cómputo de contratos subscritos con UTEs (pregunta 4) no sentido de que a apreciación da existencia ou non de fraccionamento non ven determinada polo número de adxudicatarios nin pola súa condición ou non de UTE.

I.4. A seguinte pregunta que o petionario vincula ao cómputo dos contratos menores aos efectos do 118.3 é sobre a súa posible exclusión do devandito cómputo no caso de que se publiciten os anuncios dos contratos menores (con indicación previa dos criterios obxectivos de adxudicación), nos perfís do contratante aos que fai referencia o artigo 63 da LCSP.

A cuestión refírese, polo tanto, a aqueles supostos nos que a administración, pese a non vir esixido legalmente, acode á publicación no Perfil de Contratante da existencia dun procedemento de



adxudicación dun contrato menor e se compromete a adxudicalo conforme os principios do artigo 1 da LCSP á mellor oferta de acordo con criterios obxectivos.

Indubidablemente, esta forma de xestión dos contratos menores representa una mellora voluntaria do estándar legal aplicable e implica unha autolimitación imposta á discrecionalidade administrativa presente na súa adxudicación, dado que tende a unha adxudicación máis acorde cos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e igualdade de trato, así como adecuada para acadar unha maior eficiencia na utilización dos recursos públicos mediante a selección da oferta economicamente máis vantaxosa.

Na interpretación que neste informe se fai do artigo 118.3, a cuestión que se formula perde parte do seu sentido, dado que a interpretación desta Xunta Consultiva consiste en entender que debe xustificarse no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu máis contratos menores co mesmo obxecto que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. Deste modo, con independencia da súa publicación ou non no perfil e adxudicación ou non conforme a criterios obxectivos, será lícito adxudicar contratos menores que teñan diferente obxecto ao mesmo contratista, aínda que conxuntamente a suma de ambos supere a cifra prevista na LCSP. Polo contrario, se as necesidades previstas da administración para un obxecto contractual, calculadas de acordo coas regras de valor estimado previstas na LCSP, superan as contías previstas para o contrato menor, o procedemento de contratación debe tramitarse de acordo coas regras xerais previstas na LCSP segundo a indicada contía, polo que non sería correcto fraccionar o obxecto e adxudicar este obxecto contractual único en varios contratos menores, aínda que estes se anunciasen no perfil do contratante e se adxudicasen con criterios obxectivos.

II. ELEMENTOS SUBXECTIVOS DA REGRA DO 118.3

II.1. Sobre á determinación dos suxeitos, entidades ou órganos que abarcan o cálculo dos límites cuantitativos aos que e refire o 118.3 da LCSP tamén atopamos doutrina diverxente entre os informes dos órganos consultivos analizados que xa se pronunciaron ao respecto:

- O Informe 3/2018, de 13 de febreiro, da JCCA da C.A. de Aragón sinala *“Esta Junta se inclina por considerar que la regla de incompatibilidad resulta de aplicación respecto de los órganos de contratación, porque el propio precepto se refiere expresamente a que serán los órganos de contratación los que «comprobarán el cumplimiento» de la regla de incompatibilidad. Por tanto, la adjudicación de contratos menores por parte de un órgano de contratación no impedirá que otros órganos de contratación de la misma entidad contratante adjudiquen contratos al mismo*



operador económico, ni «consumirá» el importe al que como máximo pueden ascender los contratos menores cuando se adjudiquen por otros órganos de contratación de la misma entidad.

En este punto debe recordarse lo previsto para los casos de delegación de competencias en el art. 9.4 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público: «Las resoluciones administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia y se considerarán dictadas por el órgano delegante». En consecuencia, mediante la delegación de competencias no podrá desactivarse la regla de incompatibilidad, pues el importe conjunto de los contratos menores adjudicados con anterioridad que habrá de comprobarse a efectos verificar el cumplimiento de la incompatibilidad será el correspondiente a los contratos que deban considerarse adjudicados por el órgano delegante en virtud del artículo citado.»²

- *Pola súa parte, os informes 41/2017 e 42/2017 da Xunta Consultiva de contratación pública do Estado, en idéntica redacción, relacionan o concepto do “órgano de contratación” co disposto no artigo 101.6 da LCSP, respecto ao que se debe entender como “unidade funcional” a efectos do cálculo do valor estimado: “Por el contrario, llama la atención del exégeta sobre la necesidad de que el órgano de contratación (en el sentido que marca la ley en el artículo 101.6) evite la realización de esta conducta mediante la celebración sucesiva de contratos menores cuyo objeto deba considerarse como una unidad.”³*

O artigo 118.3 expresa, como sabemos, que no expediente debe xustificarse a non alteración do obxecto do contrato, de acordo coas regras xerais de contratación e que, polo tanto, na nosa interpretación, o contratista non ten concertado máis contratos menores, co mesmo obxecto, que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro do artigo.

Pode resultar aclaratorio precisar neste apartado que a continuación o artigo expresa que “o órgano de contratación comprobará o cumprimento da dita regra”.

Esta expresión legal indica que a comprobación de que non se produce un fraccionamento incumbe, obviamente, ao concreto órgano de contratación de que se trata, precisamente como tal órgano de contratación competente para resolver o indicado procedemento.

O precepto non expresa cal debe ser o ámbito de comprobación e non resulta razoable que esta cuestión non teña límites, dado que non pode esixirse a un órgano de contratación un coñecemento pleno do resto dos contratos menores que concerta a súa administración nin unha estimación das súas

² No mesmo sentido o Informe 1/2018, de 11 de abril, sobre adxudicación de contratos menores na nova lei de contratos do sector público da Xunta consultiva de contratación da Comunidade de Madrid.

³ Sobre a unidade funcional é de interese o Expediente 9/2018 de Interpretación do artigo 101 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público sobre o concepto de unidades funcionais



necesidades con base nas súas competencias, de xeito coordinado o compartido, con outros órganos de contratación diferentes. Entendemos que a xustificación e comprobación do órgano de contratación debe referirse aos contratos dos que resulta competente para a súa adxudicación, realizados polo propio órgano de contratación.

A propia realidade das cousas parece impoñer esta solución, dado que fóra de casos de formalización de relacións de colaboración entre distintos órganos de contratación para realizar as mesmas obras, servizos ou subministracións, o normal e habitual será que resulta moi difícil que distintos órganos de contratación concerten contratos menores sobre o mesmo obxecto tendo en conta as distintas competencias en xogo.

Ademais na resolución desta cuestión teñen relevancia as importantes matizacións que en canto ás unidades funcionais integradas nun determinado órgano de contratación se realizan na nova LCSP a consecuencia das previsións da Directiva de contratos.

Esta matización resulta do que recolle a Directiva de contratos, que no seu considerando 20, explica:

“Para os efectos de estimar o valor dun contrato concreto é preciso aclarar que debe permitirse basear a estimación deste valor nunha fragmentación do obxecto do contrato unicamente cando estea xustificado por motivos obxectivos. Por exemplo estaría xustificada unha estimación do valor dun contrato ao nivel dunha unidade funcional que estea separada do poder adxudicador, como é o caso dun colexio ou dunha gardería, a condición de que a unidade de que se trate sexa responsable de maneira independente da súa contratación. Pode supoñerse que así é cando a unidade funcional que estea separada do poder adxudicador leve os procedementos de contratación e tome as decisións de compra de maneira independente, dispoña dunha liña orzamentaria separada para os contratos de que se trate, celebre o contrato de maneira independente e fináncieo con cargo a un orzamento do que dispón. Non se xustifica unha fragmentación cando o poder adxudicador se limita a organizar unha licitación de maneira descentralizada.”

Esta cuestión recollese no artigo 5.2 da Directiva:

“Cando un poder adxudicador estea composto por unidades funcionais separadas, terase en conta o valor total estimado para todas as unidades funcionais individuais.

Non obstante o disposto no parágrafo primeiro, cando unha unidade funcional separada sexa responsable de maneira autónoma respecto da súa contratación ou de determinadas categorías dela, os valores poden estimarse ao nivel da unidade de que se trate.”



Esta cuestión está recollida no artigo 101.6 da LCSP:

“6. Cando un órgano de contratación estea composto por unidades funcionais separadas, terase en conta o valor total estimado para todas as unidades funcionais individuais.

Non obstante o anterior, cando unha unidade funcional separada sexa responsable de maneira autónoma respecto da súa contratación ou de determinadas categorías dela, os valores poden estimarse ao nivel da unidade de que se trate.

En todo caso, entenderase que se dá a circunstancia aludida no parágrafo anterior cando a dita unidade funcional separada conte con financiamento específico e con competencias respecto da adxudicación do contrato.”

Este precepto ten relevancia, polo tanto, aos efectos do cálculo do valor estimado do contrato nas adquisicións menores de bens e servizos. En efecto, de acordo con este artigo, aos efectos de computar o valor estimado dun contrato menor de adquisición de mobiliario de oficina, ou alimentos, por exemplo, que, como sabemos, debe ser obxecto en principio dunha estimación polo órgano de contratación con base nas necesidades existentes nunha anualidade, será lícito non computar as necesidades dun determinado órgano administrativo ou centro, por exemplo, unha residencia, se este constitúe unha unidade funcional que estea separada do órgano de contratación, no sentido de que é responsable de maneira autónoma da súa contratación nas condicións establecidas na LCSP.

Esta situación dáse, en particular, no caso de órganos de contratación (por exemplo, consellería da administración autonómica) nos que existen distintos órganos administrativos que teñen delegado o exercicio das facultades de contratación en xeral ou para determinados contratos (por exemplo, dirección xeral que ten delegado o exercicio das competencias para contratar en contratos menores). Nestes casos, eses órganos administrativos que contan con esta delegación e polo tanto funcionen como unha unidade funcional separada por ser responsables de maneira autónoma respecto da súa contratación ou de determinadas categorías dela, e contan con orzamento propio para contratar, os valores da contratación de bens e servizos poden estimarse ao nivel da unidade de que se trate. Da Directiva e da LCSP dedúcese que nestes casos se entende que existe unha razón obxectiva para a consideración separada do contrato (a autonomía decisoria na contratación con cargo ao propio orzamento) e que, polo tanto, resulta lícito. Naturalmente, distintos serán os casos, aos que alude a Directiva, nos que non existe unha autonomía real na adquisición por limitarse a unidade funcional e executar unha decisión que vén adoptada polo órgano de contratación no marco dunha contratación realmente organizada por este.

Sentado todo o anterior non podemos esquecer que o fraccionamento ilícito do obxecto do contrato é independente do número de órganos de contratación ou unidades funcionais que interveñan na súa adxudicación. Así, se un conxunto de traballos é unha obra, no sentido da LCSP, por cumprir unha única función técnica e económica, non pode prevalecer fronte a esta realidade o feito de que se divida para a



súa adxudicación entre diversos órganos de contratación ou unidades funcionais aínda que se adxudique a varios contratistas. O valor estimado total da obra é o que se debe ter en conta para decidir o procedemento de adxudicación e a publicidade, con independencia de que se poida adxudicar por varios órganos de contratación ou unidades funcionais, dividir en lotes e de que cada lote se adxudique a diferentes contratistas. Á inversa, se varias obras teñen obxectos diferentes, como expresamos antes, da igual que se adxudiquen polo mesmo órgano de contratación ou unidade funcional ao mesmo contratista, a lexislación non impón a suma dos seus importes para decidir o procedemento de adxudicación e a publicidade.

Polo tanto, cada órgano de contratación ou cada unidade funcional separada deberá comprobar, dentro dos seu ámbito, que existe no expediente a xustificación de que, atendendo as competencias dese órgano de contratación ou unidade funcional separada, os contratos que se concerte ou que se ten previsto concertar respectan as regras xerais da LCSP sobre o obxecto dos contratos e non se produce un fraccionamento ilícito do obxecto do contrato.

II.2. En resposta a como deben operar e computarse os anticipos de caixa fixa xestionados polo órganos de contratación cabe sinalar que, ao xuízo desta Xunta Consultiva os anticipos de caixa fixa, como provisións de fondos que se realizan ás habilitacións para a atención por estas de gastos, normalmente de carácter periódico e repetitivo, non representan máis que unha forma de pagamento, polo que os contratos menores que xustifiquen estes pagamentos deberán terse en conta polo órgano de contratación ou unidade funcional correspondente para o cálculo do valor estimado das necesidades en cuestión. Idéntica resposta debe darse aos contratos menores pagados a través das habilitacións.

III. ELEMENTOS TEMPORAIS DA REGRA DO 118.3

III.1. Sobre cal é o ámbito temporal da limitación do 118.3 da LCSP, isto é, o período sobre o que se debe exercer o control do cumprimento de non exceder os límites, a Deputación presenta tres alternativas como resposta: en referencia aos contratos adxudicados dentro de cada exercicio orzamentario, aos adxudicados dentro cada ano natural ou aos subscritos por un mesmo contratista nun ano desde a data en que se efectúa o primeiro contrato.

Debemos inicialmente reducir a dous as tres posibles respostas que se expoñen na solicitude de informe dado que a normativa orzamentaria autonómica vincula o exercicio orzamentario ao ano natural (art. 47 do Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia) e, en iguais termos, pronúnciase o art. 163 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais: *“o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural”*.



Por iso é polo que só dúas son as posibles interpretacións que caben sobre a cuestión exposta:

- aternos neste punto á normativa orzamentaria que se rexe polo “principio de orzamento anual” e, por tanto que sexa esta a interpretación que se debe dar á ausencia de referencia temporal expresa do control,
- ou que se asuma o prazo de control de data a data, identificando este prazo coa duración máxima dos contratos menores do art. 29.8 da LCSP: un ano.

Aquí os antecedentes de tramitación parlamentaria da norma e os legais e doutriniais tamén son discrepantes:

- a) Segundo a emenda 583 presentada polo Grupo Parlamentario Socialista, a proposta de adición do apartado 3 do artigo 118 sinalaba o seguinte: «3. *No expediente garantírase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e o contratista non subscribíse máis contratos menores na mesma anualidade, o que comprobará o responsable do contrato.*»
- b) O art. 73.6 da Lei foral 6/2006, do 9 de xuño, de contratos públicos de Navarra, recoñecida por gran parte da doutrina cono a norma inspiradora da emenda, sinala que “*Ningunha empresa ou profesional poderán ser adxudicatarios dentro da mesma administración contratante e durante un mesmo exercicio orzamentario dun número de contratos adxudicados mediante factura ou factura con reserva de crédito cuxa contía acumulada sexa superior a 80.000 euros, IVE excluído, en obras, e 30.000 euros, IVE excluído, no resto de contratos.*”
- c) O Informe 3/2018, de 13 de febreiro, da Xunta Consultiva de contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón sinala que: “*A xuízo desta Xunta, en canto ao período sobre o que debe aplicarse, o criterio da anualidade orzamentaria conecta directamente tanto coa necesaria planificación contractual, que debe servir para determinar a priori se a contratación menor vai servir para cubrir adecuadamente as necesidades previsibles, como cos controis financeiros que realiza a Intervención. Por outra banda, os traballos parlamentarios e os antecedentes legislativos apuntan nesa mesma dirección.*”⁴
- d) Sen embargo, o Expediente 41/2017 da Xunta Consultiva de contratación Pública do Estado sobre “Interpretación do art. 118.3 da LCSP” indica que: “*4. Polo que fai ao límite temporal destas condicións, cuestión non consultada expresamente pero que se deriva necesariamente do conxunto do precepto, parece razoable que se entendemos a conduta prohibida polo precepto en termos flexibles, tal como vimos sostendo neste ditame, valoremos a posible existencia dun límite temporal para evitar que a prohibición, e a necesidade de xustificación no expediente que anuda, poida considerarse indefinida.*”

⁴ No mesmo sentido o Informe 1/2018, de 11 de abril, sobre adxudicación de contratos menores na nova lei de contratos do sector público da Xunta consultiva de contratación da Comunidade de Madrid.



Pois ben, tal límite temporal debe ser o que a propia lei marca no artigo 29 respecto da duración dos contratos menores. Desta maneira, por encima deste período dun ano, a prevención que se establece na norma resultaría inaplicable fóra dos supostos en que, a pesar do tempo transcorrido, existise unha auténtica fraude. Baixo este criterio, por tanto, se a separación entre os contratos menores excede dun ano, unha vez que se fixo constar no expediente o transcurso deste período de tempo, non será necesario proceder a unha maior xustificación no expediente de contratación do segundo contrato menor.

Finalmente, cabe sinalar que este prazo debe contarse desde o momento da aprobación do gasto a que se alude no mesmo artigo 118. Outra opción, como o cómputo por ano natural non tería moito sentido para os contratos executados ao final do mesmo e trataríase dunha opción convencional e menos segura xuridicamente.”

A falta de concreción no texto, entendemos que podemos acudir, de novo, ás regras de cálculo de valor estimado para fundamentar un criterio sobre esta cuestión. O artigo 101.10 da LCSP, relativo ao cálculo do valor estimado, permite optar para o cálculo do valor estimado entre dúas magnitudes, basicamente, o valor real total dos contratos sucesivos similares adxudicados durante o exercicio precedente ou durante os doce meses previos; ou o valor estimado total dos contratos sucesivos adxudicados durante os doce meses seguintes á primeira entrega. Como indica o artigo 101.4, “a elección do método para calcular o valor estimado non poderá efectuarse coa intención de substraer o contrato á aplicación das normas de adxudicación que correspondan”.

Con carácter xeral, partindo da base de que os contratos menores se executen no ano natural, parece adecuado que o período temporal que debe ter en conta a administración e as entidades do sector público sexa o indicado exercicio orzamentario. A maiores, considerando que as actividades de control previstas na normativa orzamentaria e contractual están sempre referidas ao exercicio orzamentario, este órgano consultivo inclínase por esta opción.

III.2. Sobre cando debe motivarse a necesidade do contrato (parágrafo 2 do apartado 1 do artigo 118) e a xustificación de que non se está alterando o obxecto do contrato (art. 118.3) debe terse en conta que a LCSP non indica un momento concreto no que estas xustificacións deben formalmente ou documentalmente realizarse, sen prexuízo de que o correcto é que a concorrencia dos requisitos legais que determinan a posibilidade de utilización do contrato menor se comprobem no momento no que se efectúe o encargo. Polo tanto, será suficiente que as xustificacións documentais expresadas consten no expediente tramitado de acordo co artigo 118 con carácter previo á aprobación do gasto.

III.3. Sobre o réxime de transitoriedade da nova lei podemos indicar que, seguindo as regras tradicionais en materia de contratación, na súa Disposición transitoria primeira determina que será de aplicación aos procedementos iniciados despois do 9 de marzo de 2018, entendéndose que se inician cando se publican



as convocatorias ou, se se trata de supostos do negociado sen publicidade do art. 168, coa aprobación dos pregos.

Ante a falta de regras aplicables para os contratos menores e a ausencia de publicidade previa no seu procedemento de adxudicación, por analoxía co réxime dos procedementos negociados sen publicidade, entendemos que o novo réxime legal será aplicable aos contratos menores cuxa aprobación do gasto se teña efectuada despois da entrada en vigor da LCSP. Agora ben, naqueles caso en que conste realizado o encargo ou executada a prestación con anterioridade a data de entrada en vigor da nova LCSP, tamén debe considerarse aplicable o réxime derivado da lexislación anterior, aínda que a data de aprobación do gasto e recoñecemento da obriga sexa posterior á entrada en vigor da LCSP. Cousa diferente á expresada é a forma e computar os límites derivados da redución de contías en subministracións e servizos periódicos. Se seguemos a regra de que debe calcularse o valor estimado das necesidades que é necesario contratar no ano 2018, para este cómputo e decisión do procedemento de contratación a utilizar deberán terse en conta os contratos adxudicados de acordo coa lexislación anterior. Así por exemplo, se se teñen adxudicado con anterioridade neste exercicio orzamentario antes da data de entrada en vigor da LCSP 17.999 euros mediante contrato menor para as necesidades de mobiliario de oficina dun órgano de contratación ou unidade funcional, non existiría posibilidade nesta anualidade de volver acudir a un contrato menor e debería acudir a outro procedemento dos previstos na LCSP. Se se tivese adxudicado coa anterioridade a entrada en vigor da Lei un importe de 10.000 euros para esta necesidade, o contrato menor só podería utilizarse se as necesidades pendentes non superasen 4.999 euros (non se pode computar, polo tanto, ex novo, un límite de 15.000 unha vez entrada en vigor a LCSP, pois deben terse en conta as adquisicións realizadas na anualidade).

III.4. Respecto a que ocorre se un órgano de contratación supera estes límites de contratos menores subscritos cun mesmo contratista cabe indicar que, ao tratarse dunha norma de carácter imperativo e polo tanto dunha conduta obrigatoria para o órgano de contratación ou unidade funcional, debe velarse pola comprobación do cumprimento dos límites para evitar a infracción sobre as normas do obxecto do contrato e o seu fraccionamento.

CONCLUSIÓNS:

1º.- Respecto ás cuestións vinculadas á identificación dos contratos menores aos que fai referencia o 118.3 da LCSP a efecto de cómputo de límites:

- Entende este órgano que a interpretación correcta do artigo 118.3, en liña coa xa manifestada no seu informe pola JCCA do Estado, é que no expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e que o contratista



non subscribiu máis contratos menores *co mesmo obxecto* que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro do artigo.

- Así mesmo, por contrato “subscrito”, ante a ausencia dunha norma na LCSP que estableza o momento da perfección dos contratos menores, debe entenderse perfeccionado polo consentimento das partes, é dicir, nos que concorra a vontade de executar o contrato nos termos pactados entre o ofertante e o órgano de contratación.
- Respecto a se computan no 118.3 os contratos adxudicados a empresas vinculadas (pregunta 3 do petionario) como vimos indicando, entendemos que o artigo 118.3 non recolle unha limitación da capacidade para ser adxudicatario de contratos menores polo feito de ter sido adxudicatario de contratos anteriores dado que ao que debe atenderse é ao obxecto do contrato e a inexistencia de fraccionamento. Polo tanto, sempre que esteamos ante contratos con obxecto distinto, un só contratista poderá ser adxudicatario de contratos menores aínda que o seu importe agregado supere conxuntamente as cifras recollidas no artigo 118.1. Se isto é así, obviamente tampouco existe limitación para as empresas dun grupo con tal de que sexan contratos con obxectos diferentes e idéntica debe ser a resposta respecto ao cómputo de contratos subscritos a UTEs no sentido de que a apreciación da existencia ou non de fraccionamento non vén determinada polo número de adxudicatarios nin pola súa condición ou non de UTE.
- E, finalmente, respecto aos contratos menores con anuncios publicados nos correspondentes perfís, indicar que, na interpretación que se fai do artigo 118.3, a cuestión que se formula perde parte do seu sentido ao entender esta Xunta Consultiva que debe xustificarse no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e que o contratista non subscribiu máis contratos menores *co mesmo obxecto* que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. Deste modo, con independencia da súa publicación ou non no perfil e adxudicación ou non conforme a criterios obxectivos, será lícito adxudicar contratos menores que teñan diferente obxecto ao mesmo contratista, aínda que conxuntamente a suma de ambos supere a cifra prevista na LCSP. Polo contrario, se as necesidades previstas da Administración para un obxecto contractual, calculadas de acordo coas regras de valor estimado previstas na LCSP, superan as contías previstas para o contrato menor, o procedemento de contratación debe tramitarse de acordo coas regras xerais previstas na LCSP segundo as indicadas contías polo que non sería correcto fraccionar o obxecto e adxudicar este obxecto contractual único en varios contratos menores aínda que estes se anunciasen no perfil do contratante e se adxudicasen con criterios obxectivos.



2º. Sobre á determinación dos suxeitos, entidades ou órganos que abarcan o cálculo dos límites cuantitativos aos que se refire o 118.3 da LCSP, este órgano consultivo conclúe o seguinte:

- Cada órgano de contratación ou cada unidade funcional separada deberá comprobar, dentro dos seu ámbito, que existe no expediente a xustificación de que, atendendo as competencias dese órgano de contratación ou unidade funcional separada, os contratos que se concerten ou que se ten previsto concertar respectan as regras xerais da LCSP sobre o obxecto dos contratos e non se produce un fraccionamento ilícito do seu obxecto.
- En resposta a como deben operar e computarse os anticipos de caixa fixa xestionados polo órganos de contratación cabe sinalar que, ao xuízo desta Xunta Consultiva, os anticipos de caixa fixa, como provisións de fondos que se realizan ás habilitacións para a atención por estas de gastos, normalmente de carácter periódico e repetitivo, non representan máis que unha forma de pagamento, polo que os contratos menores que xustifiquen estes pagamentos deberán terse en conta polo órgano de contratación ou unidade funcional correspondente para o cálculo do valor estimado das necesidades en cuestión. Idéntica resposta debe darse aos contratos menores pagados a través das habilitacións.

3º. Sobre cal é o ámbito temporal da limitación do 118.3 da LCSP, este órgano consultivo conclúe o seguinte:

- A teor do exposto no apartado III.1 deste informe, concluímos que, con carácter xeral, parece adecuado que o período temporal que debe ter en conta a Administración e as entidades do sector público sexa o exercicio orzamentario.
- Sobre cando debe motivarse a necesidade do contrato (parágrafo 2 do apartado 1 do artigo 118) e a xustificación de que non se está alterando o obxecto do contrato (art. 118.3) debe terse en conta que a LCSP non indica un momento concreto no que estas xustificacións deben formalmente ou documentalmente realizarse, sen prexuízo de que o correcto é que a concorrencia dos requisitos legais que determinan a posibilidade de utilización do contrato menor se comprobe no momento no que se efectúe o encargo. Polo tanto, será suficiente que as xustificacións documentais expresadas consten no expediente tramitado de acordo co artigo 118 con carácter previo á aprobación do gasto.
- Sobre o réxime de transitoriedade da nova lei podemos indicar que, a falta de referencia algunha ao réxime transitorio dos contratos menores, o novo réxime legal será aplicable aos contratos menores cuxa aprobación do gasto se teña efectuada despois da entrada en vigor da LCSP. Agora ben, naqueles caso en que conste realizado o encargo ou executada a prestación con



anterioridade a data de entrada en vigor da nova LCSP, tamén debe considerarse aplicable o réxime derivado da lexislación anterior aínda que a data de aprobación do gasto e recoñecemento da obriga sexa posterior á entrada en vigor da LCSP. Cousa diferente á expresada é a forma de computar os límites derivados da redución de contías en subministracións e servizos periódicos. Se seguemos a regra de que debe calcularse o valor estimado das necesidades que é necesario contratar no ano 2018, para este cómputo e decisión do procedemento de contratación a utilizar deberán terse en conta os contratos adxudicados de acordo coa lexislación anterior.

4º.- Respecto a que ocorre se un órgano de contratación supera estes límites de contratos menores subscritos cun mesmo contratista cabe indicar que, ao tratarse dunha norma de carácter imperativo e polo tanto dunha conduta obrigatoria para o órgano de contratación ou unidade funcional, debe velarse pola comprobación do cumprimento dos límites para evitar a infracción sobre as normas do obxecto do contrato e o seu fraccionamento.

En Santiago de Compostela, 25 de abril do 2018